


# A ESEI acolleu a 1ª xuntanza dun proxecto para mellorar a detección de cancro colorrectal con IA

xoves, 18 de abril do 2024 / S. P.

Este martes 16 de abril a Escola Superior de Enxeñaría Informática do Campus de Ourense acolleu a primeira xuntanza de traballo da rede estatal *AI4PolypNet*, creada para mellorar os sistemas de detección e de diagnose de cancro colorrectal empregando Intelixencia Artificial. Nesta rede oito grupos de investigación de Catalunya, Estremadura, País Vasco e Galicia únense para



optimizar experiencia, recursos técnicos, humanos e de datos e avanzar cara o desenvolvemento de propostas integradoras capaces de responder aos retos desta enfermidade. A Rede temática enfocada no desenvolvemento e validación de sistemas de soporte ao diagnóstico de cancro colorrectal usando intelixencia artificial (*AI4PolypNet*) está financiada pola Axencia Estatal de Investigación na convocatoria 2022 de Redes de Investigación. Da Universidade de Vigo participa o Grupo de Sistemas Informáticos de Nova Xeración (SING), que conta cunha ampla traxectoria no desenvolvemento e aplicación de técnicas e métodos de IA para a resolución de problemas en bioinformática, biomedicina e informática médica. Entre os seus proxecto están *PolyDeep* e *PolyDeepAdvance*, feitos en colaboración co grupo Giodo, para o desenvolvemento, validación clínica e acceso ao mercado dun sistema CAD baseado en IA destinado á detección e clasificación de pólipos colorrectais durante as endoscopias.

O cancro colorrectal, explican desde a rede, é un dos de maior incidencia mundial, diagnosticándose 1,93 millóns de novos casos ao ano e alcanzando as cifras de mortalidade os 916.000 pacientes en 2020. A pesar desta elevada incidencia, sinalan, estudos a grande escala demostran que máis do 90% dos casos teñen cura se a súa lesión precursora, o pólipo precancerixeno, se detecta e extrae a tempo. A colonoscopia segue sendo o único procedemento que permite detectar e tratar a lesión nunha soa intervención, mais, apuntan as e os investigadores, “non é unha técnica perfecta e, segundo informes, case un 22% das lesións non son detectadas durante a exploración”. Durante a última década, e grazas aos avances en materias como a aprendizaxe computacional e a visión por computador, realizáronse distintos esforzos para desenvolver métodos baseados en Intelixencia Artificial e sistemas intelixentes co obxectivo de dar soporte ao persoal clínico na detección e diagnóstico do cancro colorrectal. Neste marco de traballo, a rede une experiencia, recursos e esforzos de diferentes grupos de traballo técnicos e clínicos co fin de “definir de maneira clara as necesidades clínicas reais e o modo en que os datos teñen que ser recollidos e anotados para que os diferentes métodos desenvolvidos alcancen todo o seu potencial, tendo en conta por primeira vez aqueles requisitos que deben cumprirse para unha despregadura e un uso efectivo na sala de exploración”.

Ao longo da sesión celebrada no campus, os membros da rede abordaron o estado actual de *AI4PolypNet*, que arrancou a súa actividade o pasado verán aínda que esta é a súa primeira xuntanza de traballo presencial; os retos clínicos e técnicos aos que se enfronta a Intelixencia Artificial no ámbito da imaxe de colonoscopia, as metodoloxías técnicas para detección e clasificación de pólipos nestas imaxes e as bases de datos para adestrar e avaliar métodos de IA neste eido. O camiño cara un libro branco da Intelixencia Artificial no ámbito de imaxe de colonoscopia e a planificación de próximas actividades da rede foron outros dos temas abordados na cita.

dinahost  
hospeda este espaz



BALIDEA

Revista en PDF:



Descárgaa xa



- Metaversos. Enfoque c GaiásTech
- O Diario Oficial de Gali hoxe a ampliación do p solicitar os bonos dixital decembro
- A Xunta destaca a imp concienciación dixital p territorio conectado e s

Galic  
un territ  
para inn



MAC  
DIGITAL  
TAP • R  
A NOSA EDICIÓN  
EN DISPOSITIVOS